



A encrucillada exipcia: entre Alxeria e TurquÃa

Description



O paradoxo est servido:  unha organizacin ilegal, teoricamente fra do xogo institucional, a nica que consegue o respaldo social para presentarse como alternativa a un rxime personalista con 24 anos s sas costas. O sistema poltico exipcio atpase nunha encrucillada: ou ben opta por unha apertura que o converta en autntico espello das vontades sociais, ou corre o perigo de deslexitimarse gravemente e dar paso  xeralizacin de formas de accin poltica fra do Estado de dereito. Legalizar aos Irmns Musulmns e aceptar a sa implantacin social sera un paso cara a primeira opcin. (Foto: O Cairo, Exipto, 05/12/2005. Mohammed Mahdi Akf, lder da organizacin prohibida Irmns Musulmns nunha rolda de prensa).

O nove de decembro remata a contenda electoral que leva un mes axitando o panorama poltico exipcio. Deseadas en tres voltas, estas eleccins lexislativas estanse convertendo nunha molestia para o monopolio poltico de Mubarak, reelixido hai uns meses cun 88,6% dos votos e unha participacin do 23%.

Para as presidenciais, o goberno engadiu unha serie de reformas co obxectivo de ampliar o espectro electoral e, desta forma, proporcionar unha maior aparencia de normalidade democrtica. Mediante a reforma do artigo 76 da Constitucin, permitiuse a presentacin de varias candidaturas  presidencia do goberno, anda que os duros requisitos establecidos para poder presentar candidatura, fan moi estreito o camio cara a presidencia, e, os partidos que aspiren ao poder, teen que contar co apoio dun nmero elevado de representantes xa no parlamento, onde o partido no goberno conta cunha aplastante maiora. Nese punto  onde reside a importancia das eleccins lexislativas porque delas depender o equilibrio de forzas no que se movern as presidenciais do 2011.

Ata agora, os resultados provisionais estn sorprendendo ao goberno pola forte subida que rexistran os candidatos independentes, detrs dos cales atpanse os Irmns Musulmns. O movemento islamista, prohibido pero tolerado, non pode formar partido polo seu ideario relixioso, tal como se explicita na Lei de Partidos de 1977, pero, presentando candidatos independentes, entra na escena poltica e sorteia o veto legal. Os resultados son espectaculares: estn multiplicando por cinco a sa presenza no Parlamento, o que os sita  cabeza indiscutible da oposicin e convrteos en autnticos aspirantes ao poder no alcance dos prximos catro anos.  precisamente por isto, que o goberno est recrudecendo a represin contra os seus militantes e dirixentes (uns 700 encarcerados nos ltimos das), e est impedindo o acceso s mesas electorais naqueles distritos mis proclives ao movemento relixioso.

O paradoxo est servido:  unha organizacin ilegal, teoricamente fra do xogo institucional, a nica que consegue o respaldo social para presentarse como alternativa a un rxime personalista con 24 anos s sas costas. O sistema poltico exipcio atpase nunha encrucillada: ou ben opta por unha apertura que o converta en autntico espello das vontades sociais, ou corre o perigo de deslexitimarse gravemente e dar paso  xeralizacin de formas de accin poltica fra do Estado de dereito. Legalizar aos Irmns Musulmns e aceptar a sa implantacin social sera un paso cara a primeira opcin.

Os Irmáns Musulmáns (dende 1928) contan cunha extensa e complexa traxectoria que os consolida, tanto dentro como fóra de Exipto, como referente dos movementos islamistas. Polo apoio popular co que contan, foron sempre un actor clave, aínda que non admitido, na vida política exipcia. Tanto Naser, como Sadat ou Mubarak, mantiveron relacións con esta organización, ben de proximidade estratéxica ben de enfrontamento aberto, dependendo da conveniencia do momento.

O seu papel é controvertido. Cando sectores influentes da opinión pública internacional identifican islamismo con fundamentalismo, os Irmáns Musulmáns presentan aos seus candidatos baixo o lema "Islam é a solución". Para os estereotipos dun Occidente temeroso dun simplificado terrorismo islámico, pouco importa que os Irmáns Musulmáns leven anos tentando adaptarse ás canles participativas formais dun sistema democrático e renunciásemos ás súas antigas posturas maximalistas dun estado islámico, nun esforzo por contemporanizarse aceptando a noción de cidadanía e igualdade, como tamén outros elementos do estado de dereito. De feito, souberon incorporarse á ola de reformas económicas liberais que impulsou o goberno nos últimos anos, o que os afastou dunhas clases populares cada vez máis empobrecidas e espertou as simpatías de parte da burguesía. Son outros os grupos islamistas que manteñen posturas máis radicais e belixerantes co goberno e o propio estado como, por exemplo, o grupo coñecido como Gamaa Al-Islamiya.

Dous son os posibles modelos a seguir: o primeiro sería a negación dos movementos islamistas como actores de pleno dereito na escena política, tal como sucedeu en Alxeria no 1991 cando a Fronte Islámica de Salvación alcanzou o 47% dos votos na primeira volta das eleccións lexislativas, e foron suspendidas cun golpe de estado que marcou o inicio dunha guerra civil solapada que custou a vida a unhas 100.000 persoas. Un segundo escenario podería ser o de Turquía, onde un grupo islamista gañou as eleccións lexislativas do 2002 e, na actualidade, é un primeiro ministro islamista o que dirixe a Turquía cara Europa.

Se ben non todos os islamismos son iguais, e as comparacións simplifican moito as distintas realidades, o binomio Alxeria/Turquía, debería servir de exemplo á Exipto, peza clave do mundo árabe, para dar solucións democráticas e a longo prazo ás contradicións que está vivindo na esfera política formal e informal. Debuxar unha vía de inserción dos movementos islamistas nunha dinámica política normalizada é hoxe un dos principais retos dos países musulmáns, e Exipto podería desempeñar un papel importante como referente. A súa vinculación económica e estratéxica con EEUU pode dificultarlle este proceso, pero se o papel dos Irmáns Musulmáns continúa sendo rexeitado polas elites políticas, tanto exipcias como estranxeiras, as transformacións democráticas non pasarán de mera farsa.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Oriente Medio ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Decembro 7, 2005

Meta Fields

Autoría : 3791

Datapublicacion : 2005-12-07 00:00:00